

“ AMIGOS ”

Non quero ser cómplice disto para o resto da miñavida...

Ola, chámome Mario, e esta é a miña historia.

Eu costumaba ser un adolescente normal, rodeado de xente que ``parecía`` ser normal. Esa xente eran os meus amigos, cos cales baixaba sempre por Santa Cruz, Mera... A verdade, dábanos igual, íamos cambiando sempre de sitio, só queríamos gozar do noso único día libre e estar tranquilos. Pero da noite a mañá todo cambiou...

Era luns pola mañá, con clase pola tarde, e aínda por riba, facía un frío anormal en Oleiros, co que pensei en facerme o enfermo e non ir a clase. Ata que antes de comunicarlle á miña nai aquela inexistente enfermidade, chegoume ao teléfono unha mensaxe do meu mellor amigo Pablo que puxo polo noso grupo de amizades chamado `` Cans e Gatos ``, a verdade, un nome que nunca entendín porque o puxemos.

Aquela mensaxe parecíame moi estraña xa que poñía:

- `` *Chavales*, hoxe no recreo temos que falar, quero comunicarvos algo``,
Digo estraño xa que Pablo non é unha persoa que se faga o interesante, sempre o que quere dicir, dío.

Cambiei de opinión e preparei a roupa e a mochila listo para ir ao instituto e saber que carallo quererá dicirnos Pablo.

Unha vez chegado ao instituto, baixei do coche e fun directo á parada de bus que hai diante deste, pensando que ía estar Uxío, outro amigo do grupo, o único maior de idade de todos nós. O único que repetiu curso e o único que tiña coche. A verdade é que o quería moito, pero sinceramente, pensaba que non ía chegar aos trinta anos nunca. Era o mítico adolescente porreta que cre que pode facer o que queira cando queira, e ademais, conducía realmente mal; sempre saltando

os límites de velocidade, escapando dos controis da policía... a saber cantas multas terá.

Pero ese día non estaba. A parada estaba baleira e esperei a que chegara, pero non pasou, así que tiven que ir entrando no centro ata que me fixei en algo verdadeiramente raro. Vin o coche de Uxío pasar e parar preto da rotonda que hai diante do mítico ximnasio de Oleiros, o que ten piscina. Cando o seu coche detivo a marcha, baixou del Pablo e Uxío arrancou e marchouse, algo que me chamou realmente a atención xa que, si, están dentro do mesmo grupo de amizade, pero non tiñan unha relación tan forte como para que el viaxara no seu coche.

Entramos el mais eu no Miraflores xuntos, xa tocara o timbre co que era un pouco tarde, subindo os chanzos pregunteille que carallo facía baixando do coche de Uxío e porque el non viña hoxe ao instituto. Cando chegamos á planta de arriba contestoume :

- ``Dígovolo a todos despois no recreo ``

Díxoo cunha voz entre alegre e misteriosa, así que el foi cara á súa clase e eu cara á miña, a verdade algo inquedo e impaciente.

Despois de dúas horas longuísimas e aburridas clases de Filosofía e Lingua Castelá, nas que como era de esperar, abafáronnos a deberes; tocou ese esperado e desexoso timbre para saír ao recreo, un recreo que a verdade, fixo que as nosas ganas para que chegara a fin de semana se multiplicasen.

Baixamos todos os do grupo e fomos directos ao noso mítico banco, onde sempre sentamos, un banco que nos identifica xa que sempre nos recreos dende que entramos no instituto estamos aí.

Aínda faltaba por baixar Pablo da súa clase, así que mentres comenteilles aos demais o que vira esa mañá na parada do bus. Quedaron todos un pouco

raizados, como era de esperar, e as súas anhelas por saber o que pasaba multiplicábanse.

De súpeto, apareceu Pablo, todos comezámoslle a preguntar que que carallo quería dicirnos e porque baixara do coche de Uxío e el non viñera a clase, ao que el contestou:

- Calma, son moitas cousas as que quero dicirvos, pero sei perfectamente que vos gustará a todos. Para empezar, este sábado haberá festa na cala da praia de Bastiagueiro, lévoos pensando dende fai tempo porque case nunca saímos de festa e a verdade apetecíame pasalo ben.

Ademais, fun onte con Uxío a coller todo o material necesario, sabedes non? Alcohol, hachís, tabaco... É por iso que me baixei do seu coche.

Eu mentres falaba Pablo, e todos estaban expectantes e cunha euforia crecente a medida que o meu mellor amigo falaba sobre todas as cousas que colleron, pensaba na malísima idea que era facer unha festa nunha cala, pero non nunha cala calquera, senón da praia de Bastiagueiro, que sempre está petada de xente. Nun instante, Xabi, que era outro colega do grupo comentou:

- A min paréceme unha idea xenial, pero cambiando de tema, Por que non veu Uxío a clase?

A cara de Pablo cambiou, púxose máis serio e cunha voz misteriosa contestou:

- Iso aínda non volo podo dicir, xa o saberedes na festa do sábado.

A dicir verdade, sorprendeume moitísimo esa contestación vindo del. Así que cando tocou o timbre que indicaba o final do recreo, pregunteille a Pablo en privado se me podería dicir que ocorría con Uxío, e así sen mais, contestoume:

- Que pesado es Mario, xa o saberás o sábado, deixa de preguntar dunha vez e ten un pouquiño de paciencia, por favor.

Quedei *flipando*, nunca me falara desa maneira.

Pasou a semana e Uxío xa retomou as clases, el e mais Pablo estaban moi xuntos e cun comportamento moi estraño, como illados de todos os demais do grupo, pero o que me pareceu máis atípico de todo, foi o comportamento de Pablo cara a min.

Chegados ao día esperado por todos, ese gran sábado prometedor, espertei pensativo e cunha sensación rara, como se esa noite fose pasar algo, non sabía o que. E o certo, é que estiven no correcto.

Xa comezaba a pórse o sol en Oleiros cando comecei a prepararme listo para ir a festa, púxenme roupa vella porque obviamente non quería manchar a que tiña nova, ou sexa que collín todo o antigo que vin. Subín no coche e saín cara a Bastiagueiro, é así, sen máis, chegoume unha mensaxe de Uxío, parecíame estraño xa que contiña o seguinte:

- Mario, espero que non me falles hoxe, gastei bastante pasta.

A miña cara foi inexplicable cando lin aquela mensaxe tan estraña, incluso, entroume unha especie de calafrío. Non sabía o que ía pasar, e sobre todo, que esa noite cambiaría a miña vida.

Xulia, a miña nai, deixoume na urbanización das Galeras e fun dende alí camiñando de vagar ata a cala da praia.

Cando cheguei, como era de esperar, atopábanse alí Uxío e Pablo. Antes de baixar polos chanzos que dan a praia, fixeime que gardaban nun boteciño algo que non puider observar correctamente na mochila de Pablo. Baixei, saudeinos, e a verdade, o seu comportamento xa era normal, incluso alegre comparado coa súa inentendible conduta ao longo da semana. Axudeinos a colocar todo e facer as mesturas de alcohol. Había de todo: RonCola, Bacardí Limón, Vodka Maracuyá... Pareceume excesivo porque no grupo non eramos tantísimos como para que houbese tanto alcohol.

Chegaron o resto dos colegas, e a festa deu por comezada sobre as 00:00 da

noite, para asegurarnos de que ningunha persoa estivese rulando por alí.

Todo ía ben, eu estábao pasando xenial, certo é que non bebín moito, e iso si, non fumei nin de *coña*, non coma todos os demais que ían colocados como nunca o estiveran. De súpeto, Pablo e Uxío colleron unas bebidas que tiñan gardadas na súa mochila, subiron as escaleiras e desapareceron literalmente 10 minutos, non lle dei a verdadeira importancia que tiña, ata que, volveron aparecer con dúas chicas que xamais vira na miña vida, ben, nin eu nin os demais, pero puxéronse como tolos en canto as viron, comezaron a dicir cousas como :

- ``Esas *chiquillas* tan guapas quen son`` ``Vide cara aquí xa veredes o ben que o pasades...``

En fin, cousas que sinceramente pasei de escoitar xa que non pagaba a pena, nin sequera eu sabía o porcos que poderían ser meus colegas. Claramente, as chicas pasaron deles e continuaron bebendo, digo continuando xa que as botellas que subiron cara arriba Pablo e Uxío foran para elas.

Pasaran xa uns vinte minutos dende aquel percal ata que me dirixín a onde estaban as nosas cousas, xunto o gran muro de pedra no que enriba hai unha casa xigante. Cheguei, collín o móbil e vin xusto ao lado da miña mochila, a de Pablo, xusto enriba dela estaba o boteciño que gardaran cando chegara eu, esta vez baleiro, pero si que poñía o que contiña.

Cando o lin, non o podía crer, estaba asustado, con medo e non sabía que carallo facer, no boteciño había ``Burundanga`` unha droga que usan os acosadores sexuais para poder violar sen que a vítima che replique nada, facía que estas perdesen totalmente a súa vontade, sabía que facía efecto dende que o tomas ata unha hora despois, co que as chicas tiñan que estar ao borde de experimentar o efecto. Decidinme, e fun correndo cara a Pablo e pregunteille

que que coño estaba a facer e porque merda tiña un bote de Burundanga baleiro na súa mochila, respondeume:

- Cálmate Mario, só quero pasalo ben unha noite, ninguén se decatará disto, ademais ti poderás facer tamén o que queiras con elas. Esta droga custoulle moitísima pasta a Uxío así que espero que goces dela tanto coma todos nós.

Estaba *flipando*, Pablo era outra persoa, non a coñecía, el non era así. Ademais entre a borracheira que levaba encima e a cantidade de porros que fumara, era capaz de facer calquera cousa.

Mentres seguía a dicirme cousas sen sentido, vin que todos os demais comezaron cos tocamientos cara ás chicas, así que fun correndo a intentar axudalas a saír do horror que estaban vivindo. Pero non serviu de nada, xa que de súpeto apareceu Uxío e deume cun pao na cabeza, co que quedei inconsciente.

O seguinte que recordo é espertar no hospital do CHUAC, deitado nesas camas tan incómodas e cunha venda na cabeza. Estaba alí a miña, nai e díxome:

- Mario, non te preocupes, só tes unha gran contusión na cabeza e xa, tés que ter coidado con beber moito alcohol, que xa dixo Pablo que caíches e quedaches inconsciente, e por iso chamaron á ambulancia.

Eu estaba asustado, non sabía que coño pensar xa, nin sabía como foron tan tontos os meus ``amigos ``de devolverme a un hospital pensado que eu non diría nada do acontecido, seguramente pensaran que perdería a memoria. O primeiro que dixen tras reflexionar todo foi:

- Mamá, chama á policía, é moi urxente, non quero ser cómplice disto para o resto da miña vida...